



**Comité Intercentros
Universidade de Vigo**

Nº Rexistro: UVIGO1101 Nº 200400004380
22/03/2004

No Diario Oficial de Galicia de 4 de febreiro de 2004 publícase a Orde da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego. No artigo 7, do capítulo III (Das entidades colaboradoras), da referida orde, marca un prazo de 40 días naturais, contados desde o día seguinte da publicación no DOG, para a presentación de solicitudes, sendo polo tanto o 23 de marzo o último día para poder optar a esta subvención.

Ata o 31 de marzo de 2003 a Universidade de Vigo contaba con 5 orientadoras laborais que desenvolvían o seu labor nos tres Campus ao ser, ata esta data, unha das entidades colaboradoras. Por motivos aínda descoñecidos para este Comité, o Vicerrector de Relacións Institucionais decidiu, pola súa conta, non prorrogar os contratos das traballadoras contratadas e iniciou un novo proceso de selección que, sorprendentemente, aínda está por resolver.

A importancia da inserción laboral dos estudantes que rematan os seus estudos nas universidades é incuestionable, tanto é así, que a propia ANECA á hora de realizar as súas avaliacións ten en conta esta circunstancia ata tres anos despois de acadar a titulación para coñecer a sorte dos egresados no mercado laboral. Tamén na programación plurianual 2001-2004 da Universidade de Vigo se lle dedica un apartado a esta actividade e, tras definir a súa importancia estratéxica márcanse unha serie de obxectivos referentes aos estudantes e as empresas que participan no programa. Así mesmo, a Universidade de Vigo participa na rede Univempleo, rede de servicios para a inserción laboral dos universitarios, o que ven a demostrar que a inserción laboral é importante para a nosa institución, malia levar un ano coa OFOE sen profesionais da orientación laboral e atendida só por un auxiliar administrativo contratado fora da actual lista de agarda e pagado dos orzamentos da Universidade.

Por todo o exposto, o Pleno do Comité Intercentros na súa reunión de 2 de marzo, tras mostrar o seu abraio pola actuación do responsable institucional da OFOE, esixe que a Universidade de Vigo, namentres non defina o futuro desta oficina, continúe participando como entidade colaboradora e que seleccione ao persoal necesario para prestar este servicio de acordo cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade que rexen na administración pública.

Vigo, 10 de marzo de 2003.
O PRESIDENTE DO COMITÉ
INTERCENTROS

Asdo.: Cándido Pérez Betanzos

**SR. XERENTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO
SR. VICERREITOR DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS**